



CONCELLO
A GUARDA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 15 DE ABRIL DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas e trinta minutos do día vinte e oito de marzo do ano dous mil catorce, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D. Miguel A. Español Otero (se incorpora cando se cita)**
- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES.-

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 28 de marzo e 3 de abril de 2014, ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes en cada unha delas.

PUNTO 2.- SUBVENCIONS

Vista a Orde do 12 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos concellos de Galicia para para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos de comercio non sedentario, cofinanciadas polo FEDER, e se procede a súa convocatoria para o



CONCELLO
A GUARDA
(PONTEVEDRA)

ano 2014, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, órgano competente para elo, ACORDA solicitar a subvención ao abeiro desta orde para:

- Proxecto: Actuación na praza de Abastos 2014:
 1. Actuación modernización e remodelación das instalacións: 124.418,24 €
 2. Actuación de asesoramento-formación: 2.400 €
 3. Proxecto de incentivación ao consumo: 4.000 €
- Orzamento total: 130.818,24 €
- Subvención solicitada 75%

PUNTO 3.- ACORDOS

Lese o escrito RE 1.906 de data 10 de abril de 2014, presentado por DNA. M^a DEL CARMEN BARROS VIDEIRA, actuando en representación da SOCIEDADE CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, e con enderezo na rúa 1^a Transv. Longra, nº 7 da Guarda, solicitando autorización para a celebración das festas de San Roque en Salcidos os días 15, 16 e 17 de agosto de 2014.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.907 de data 10 de abril de 2014, presentado por DNA. M^a DEL CARMEN BARROS VIDEIRA, actuando en representación da SOCIEDADE CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, e con enderezo na rúa 1^a Transv. Longra, nº 7 da Guarda, solicitando a colocación do palco municipal no recinto da festa para o día 15 de agosto.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.908 de data 10 de abril de 2014, presentado por DNA. M^a DEL CARMEN BARROS VIDEIRA, en representación de SOCIEDADE CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, con enderezo na rúa 1^a Transv. Longra, nº 7 da Guarda, solicitando a colaboración do Concello para a celebración das festas de San Roque nos seguintes termos:

- Presenza da Policía Local para a procesión do día 17 de agosto.
- 30 vallas e contenedores para o lixo dende o día 14 de agosto.
- Peche da rúa que se sinala e limpeza do recinto das festas.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.



CONCELLO
A GUARDA
(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 1.909 de data 10 de abril de 2014, presentado por M^a del Carmen Barros Videira, actuando en representación de SOCIEDADE CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, con enderezo na rúa 1^a Transv. Longra, n^o 7 da Guarda, solicitando autorización para o uso do Campo de Fútbol Municipal da Sangriña o día 16 de agosto con motivo do 5^o Torneo Festas de San Roque.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.869 de data 9 de abril de 2014, presentado por D. Iago Veloso Domínguez, actuando en representación de FORESTA FILMS, S.L., e con enderezo na rúa Bolivia, n^o 9-1^oD de Vigo, solicitando permiso para a rodaxe da película "La playa de los ahogados" en diversos puntos do municipio os días 14 de maio e 9 de xuño.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 9 de abril de 2014 comunicando o Decreto ditado pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG o 31 de marzo de 2014, no recurso de apelación n^o 4611/10 interposto polo Concello da Guarda e a entidade Poallo, S.L. contra o auto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n^o 3 de Pontevedra o 13 de maio de 2010 nos autos da peza separada de inexecución de setenza correspondente ó recurso contencioso-administrativo n^o 105/02 entabaldo pola Xunta de Galicia contra licenza de obras concedida no seu día a Dna. M^a. Elvira Castro Rodríguez en representación de POALLO, S.L.. Dito decreto aproba a tasación de costas a pagar polo Concello da Guarda e o particular recorrente.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do auto do 31 de marzo de 2013 e acorda dar traslado do mesmo ós departamentos de Intervención e Tesoureiría Municipal para procedan o pago á Xunta de Galicia de 275 euros.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 9 de abril de 2014 comunicando a sentenza ditada o 28 de marzo de 2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n^o 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo n^o 214/13 entabaldo por Dna. M^a. Teresa González Lomba contra a resolución desestimatoria presunta da reclamación presentada



CONCELLO
A GUARDA
(PONTEVEDRA)

en data 27 de marzo de 2013 ante Concello da Guarda pola que se interesaba o cumprimento da lexislación relativa á accesibilidade e supresión de barreira arquitectónicas e se proceda á execución dun proxecto destinado á supresión de ditas barreiras existentes nas proximidades da vivenda de D. Valentín González, pai da recurrente.

A Xunta de Goberno Local acorda interpoñer recurso de apelación contra a sentenza ditada o 28 de marzo de 2014.

Lese o escrito RE 1.852 de data 9 de abril de 2014, presentado por D. JAVIER BAZ ALVAREZ, con enderezo na rúa Subida ó Torroso, nº 1 de A Guarda, en representación da Comisión de Festas da Pascua de Buxán, solicitando permiso para levar a cabo as tiradas de fogos de artificio previstas para os días 19 e 20 de abril.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado sen perxuízo de outras autorizacións sectoriais.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar por Lei de Dependencia de C.R.G. a partir do 28/03/2014 por 31 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar por libre concurrencia de J.V.A. e J.L.A. dende o día 1 de abril de 2014.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar por libre concurrencia de O.C.E.D. mentras non se resolva o PAR-SAF

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.



CONCELLO
A GUARDA
(PONTEVEDRA)

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar por libre concurrencia de A.V.G..

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.

Dase conta da proposta da Concellalía de Patrimonio para a aprobación do prezo de 8 euros/unidade da publicación especial do Monte Santa Trega para os nenos "ARTIO NO TREGA".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o prezo de 8 euros/unidade da publicación "Artio no Trega".

Dase conta do escrito RE 2.006 de data 15 de abril de 2014, presentado por D. Manuel Castro Vicente, en representación da Comunidade de Montes da Guarda, con enderezo social na rúa Manuel Lomba, nº 9 da Guarda, solicitando autorización para levar a cabo unha tala de árbores na parcela 10.007 do polígono 24 e posteriormente proceder ó seu pecha con rede gandeira.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

PUNTO 4.- ASUNTOS TRAIOS POR CONCELLEIROS

Dase conta do escrito RE 1.931 de data 11 de abril de 2014, presentado por Dna. Beatriz Estévez Alvarez, en calidade de concelleira de Convergencia Galega, solicitando acceso ó expediente xeral da radio municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non é posible facilitarlle a información solicitada porque non existe a realación contractual que vostede sinala no seu escrito.

Dase conta do escrito RE 1.932 de data 11 de abril de 2014, presentado por Dna. Beatriz Estévez Alvarez, en calidade de concelleira de Convergencia Galega, solicitando acceso ó expediente xeral correspondente o ano 2012 sobre sancións a propietarios de cans.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar informe á Policía Local dende o ano 2000.



PUNTO 5.- RENUNCIA OBRAS

Lese o escrito RE 1.987 de data 14 de abril de 2014, presentado polo Colexio de Aparelladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación de Pontevedra comunicando a renuncia de Elena Acevedo Rolán como arquitecto técnico da obra promovida por Promociones Bomade Vigo, S.L. sita en Coruto Vello – Parcela 1.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda requerirlle ó promotor que nomee outro arquitecto técnico para poder continuar coas obras.

Lese o escrito RE 1.988 de data 14 de abril de 2014, presentado polo Colexio de Aparelladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación de Pontevedra comunicando a renuncia de Elena Acevedo Rolán como arquitecto técnico da obra promovida por Promociones Bomade Vigo, S.L. sita en Coruto Vello – Parcela 2.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda requerirlle ó promotor que nomee outro arquitecto técnico para poder continuar coas obras.

PUNTO 6.- PRORROGA DE OBRAS

Lese o escrito RE 1.593 de data 26 de marzo de 2014, presentado por D. MAURO LOMBA MARTINEZ, con enderezo na rúa Gutiérrez Mellado, nº 8-6º de Pontevedra, solicitando prórroga de obras para a licencia 108/2013.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non se pode autorizar a prórroga toda vez que esa obra xa conta cunha licencia municipal nova que está suxeita aos novos prazos que lle son propios.

Lese o escrito RE 1.998 de data 15 de abril de 2014, presentado por D. ALEJANDRO TABOAS GARRIDO, con enderezo na rúa de Luis Pasteur, nº 15 de Villaviciosa de Odón (28670 – Madrid), solicitando prórroga de obras para a licencia 45/2011.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle a prórroga de obra á licencia 45/2011, por tres anos.

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 11,5 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 11,5 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 11,5 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 11,5 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 11,5 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 11,5 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 11,5 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 11,5 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 11,5 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 11,5 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 11,5 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 11,5 pto

Con formato: Fuente: DejaVu Serif Condensed, 11,5 pto



CONCELLO
A GUARDA
(PONTEVEDRA)

PUNTO 7.- OBRAS MAIORES

EXPEDIENTE NÚMERO: 1.235/2014.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 7 de marzo de 2014 (R.E. nº. 1.235), por D. MAURO LOMBA MARTÍNEZ con D.N.I. nº. 76.891.857-M e con domicilio na rúa de Gutierrez Mellado nº. 8-6º de Pontevedra-C.P. 36001, para construción de "VIVENDA UNIFAMILIAR" composta de (planta baixa) sita na rúa de Xunqueiriñas, s/n., en Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural de "A Gándara" (Ordenanza Nº. 9-B [Área de Tolerancia] do P.X.O.U.) segundo proxecto técnico de execución subscrito polo arquitecto D. Mauro Lomba Martínez (Visado C.O.A.G.: 03-03-2014).

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto municipal de data 03-04-2014, considérase **favorable** ó outorgamento da licenza de obras, si ben non se poderán comezar as obras en tanto non se obteña a nova licenza municipal axustada as modificacións presentadas.

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico subscrito polo asesor xurídico de data 09-04-2014, considérase **favorable** para súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnico e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo. Asimesmo, dado que o proxecto é de execución, autorizar o comezo das obras, ó ter o visto bo da oficina técnica.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local en Sesión Extraordinaria celebrada o día 15-04-2014 **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. MANUEL ÁLVAREZ ÁLVAREZ**, licenza de obras ó proxecto de execución modificado respecto a licenza orixinaria (108/2013) concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 17-09-2013, dunha "vivenda unifamiliar" desenvolvida en (planta baixa) sita na rúa de xunqueiriñas, s/n., de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico e doutras administracións emitidos no expediente.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte á data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude



CONCELLO
A GUARDA
(PONTEVEDRA)

expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destinala construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

Unha vez iniciadas as obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do Concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licenza concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

Unha vez concluídas as obras de construción de edificios ou vivendas o promotor solicitará a LICENCIA DE 1ª OCUPACIÓN do inbole conforme o art. 42 da Lei de vivenda de Galicia 8/2012.



CONCELLO
A GUARDA
(PONTEVEDRA)

Para outorgar a LICENCIA DE 1ª OCUPACIÓN de edificacións esixírase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada e a previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, conforme o art. 195 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística do medio rural de Galicia.

PUNTO 8.- PROXECTO DE EXECUCIÓN

Lese o escrito RE 618 de data 06 de febreiro de 2014, presentado por D. JOSE ANTONIO BAZ LOMBA (arquitecto técnico da obra), con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 77- baixo da Guarda, solicitando a aprobación do proxecto de execución da construción de vivenda unifamiliar propiedade de Dna. Alicia Castro Alvarez sita na rúa Paseo de Portugal, nº 106, visado o 22.01.2014 que conta con licenza municipal de obras nº 72/2013.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 26 de febreiro de 2014, acorda acceder ó solicitado.

PUNTO 9.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por BASSAM IMPERIAL, S.L. (RE 6.601 de 04/12/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE ARTIGOS DE MENAXE, FERRETERÍA, ADORNO (EPIG. 653.3) situado na rúa de Pacífico Rodríguez, nº 8-baixo (Local 2).

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a BASSAM IMPERIAL, S.L. licenza municipal nº 9/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE MENAXE, FERRETERÍA, ADORNO (Epiq. 653.3) situado na rúa de Pacífico Rodríguez, nº 8-baixo, Local 2 da Guarda.



CONCELLO
A GUARDA
(PONTEVEDRA)

PUNTO 10.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MENORES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

- EXPEDIENTE 829/2014.- D^a. CELIA ALONSO MARTÍNEZ PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 72,00 M²., CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA PLANA POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA DO PAIS SOBRE ESTRUCTURA EXISTENTE, NA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE 4º TRV. OLIVA N^o. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).
- EXPEDIENTE 1.914/2014.- D^a MASIEL MARTINEZ RODRÍGUEZ PARA COLOCAR TRAMO DE REDE METÁLICA APROVEITANDO ARAMES E POSTES ACTUAIS SOBRE PECHE EXISTENTE NA RÚA BAIXADA Á ARMONA N^o 26 EN SOLO URBANO DE RURAL DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA 9-B [AREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).
- EXPEDIENTE 1.698/2014.- D. FERNANDO ALONSO RODRÍGUEZ PARA CONSTRUIR MURO DE PECHE FRONTAL (PARCELA N^o 239 DO POLIGONO 23) NUNHA LONXITUDE DE 8,75 MTS E UNHA ALTURA DE 0,90 MTS OPACO REALIZADO CON PEDRA DE MAMPOSTERÍA EXISTENTE E 0,90 MTS DIAFANO CON REDE METÁLICA NA RÚA SAN CAETANO, S/N EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o 4 DO P.X.O.U.).
- EXPEDIENTE 1.520/2014.- D. JUAN RAMÓN LORENZO ESPAÑOL PARA AMPLIACIÓN DE OCO DO PORTAL DE ENTRADA EXISTENTE A 2,50 MTS. CON REMATE DE TRABALLOS DE MAMPOSTERÍA E INSTALACIÓN DUN NOVO PORTAL DE CHAPA GALVANIZADO NO INMOBLE SITO NA RÚA BAIXADA Á ARMONA N^o 1 EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA N^o 7 DO P.X.O.U.)
- EXPEDIENTE 1.284/2014.- A D. RAMÓN VICENTE GONZÁLEZ PARA AMPLIAR PORTAL DE ENTRADA SOBRE 50 CMS. DE ACCESO A VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE MAROUCO N^o. 3, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 9 DO P.X.O.U.).
- EXPEDIENTE 1.205/2014.- BANCO PASTOR, S.A. PARA APERTURA DE OCO EN MURO DE CERRAMENTO PARA RECUPERAR ACCESO DESDE A ESCALEIRA DO PORTAL Á PLANTA PRIMEIRA DO EDIFICIO N^o. 42 DA



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL ESQUINA RÚA DE GALICIA, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).

- EXPEDIENTE 1.050/2014 .- D^a. CARMEN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ PARA DEMOLICIÓN PARCIAL DE MURO DE LADRILLO DOBLE ATA UNHA ALTURA DE 1,80 MTS. NUNHA SUPERFICIE DE 6,00 M²., SITO NA RÚA DE SAN CAETANO (PARCELA 240-POLÍGONO 23), EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 4 DO P.X.O.U.).
- EXPEDIENTE 827/2014.- D. ANTOLIN VERDE ALONSO PARA AMPLIACIÓN DE PORTAL, CONSISTENTE NA DEMOLICIÓN DE PILARES DE LADRILLO E MURO INTERIOR DE PECHE EXISTENTE, REFORMA DE MURO PARA NOVA UBICACIÓN DE PORTAL E COLOCACIÓN DE NOVO PORTAL DE ENTRADA CON BASTIDOR EN ACEIRO INOX. CON ENTREPANOS DE MADEIRA (350X180 CM.), SITO NA RÚA DE SAN CAETANO N.º. 38, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 4 DO P.X.O.U.).

Sendo as trece horas do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.